

# Planeta Lingua

FERROL  
MAIO DE 2002

I.E.S. S. CASANOVA

Nº 4



## TODOS OS XENIOS BEILLAN COAS AUGAS NO BORDO DO CADOIRO...

**E**la apoiouse no muro do dique. Non tiña nada que dicir, e menos que escribir, pero, nin a gusto nin desgusto, por compromiso, deixou que o bolígrafo marcasse o compás dunha sonata impensable. Luces, moitas luces, máis aló do mar celoso, distante. Luces que xamais visitaría, aloumiñaban as casas de xentes que xamais coñecería. ¿E que? Nada importaba porque a noite abrazaba moi frío como para pensar e moi húmido como para chorar. E ademais, de chorar



xa pasara o tempo. Xa houbera anos mozos de rir mares e chorar regueiros. Xa houbera tempos sentidos, sensibles, amantes e amables, tempos que agarraban coma as algas ás rochas ausentes do mar que ela miraba. ¿Por que escribir? Ninguén debería ler algo escrito por fastío, por cansazo da vida. Xa non tiña nada que contar. Esgotáraselle a forza na man pálida e, esgotada tamén ela, recordou historias de féminas marmóreas, de corpos nacarados e xesto inxenuo descubertas sobre a area virxe, e de homes de mil vidas salpicados de sal e mar. Recordou infancias de auga nos

xeonllos e caldeiros de plástico vermello, medio enchidos e semibaleiros con caramuxos acabados de coller e caranguexos ambidextros. E recordou mil historias que percorrera en mil libros de tapas verdes roubados na escola por unha nena de trenzas azuis e ollos de lúa minguante. E negouse a deixar de escribir, a deixar de dar a luz versos e estribillos, cancionciñas rebuscadas e páxinas escritas en noites medio somnámbulas, medio ás cegas. Rompeu todo o escrito e bautizou unha nova folla cun título a tinta negra: *Todos os xenios beillan coas augas no bordo do cadoiro...*

**Eva Recamán Graña**

## EDITORIAL

### ¿MÁIS UNHA VEZ?... AS VECES NECESARIAS

**M**áis unha vez a voltas coa lingua. E iso porque a lingua non é un ente abstracto, nin unha peza de museo, o galego é unha realidade material viva que se move, transforma e evoluciona, que entra en conflito cos seus competidores, que está á procura de transmitirse —reproducción— e perdurar —sobrevivencia—.

Curiosamente a Organización das Nacións Unidas para a Educación a Ciencia e a Cultura, UNESCO

(*United Nations Educational Scientific and Cultural Organization*),

vén de publicar unha edición actualizada do seu Atlas das linguas en perigo, onde adverte do galego como lingua en perigo de desaparición. Isto, aos docentes, obríganos a reflexionar sobre o papel que hoxe, nós e a institución escolar, estamos a cumprir. Ata a promulgación da Lei de Normalización Lingüística —L.N.L.—, en

(*Continúa na páxina 2*)



(Vén da páxina 1)

1983, os centros de ensino en Galiza, cumpriron, durante séculos, un papel clave na extirpación da lingua galega —máxima creación colectiva do noso pobo— na infancia e

na xuventude. E se contemplamos os últimos datos aportados por eses estudiosos do tema chamados sociolingüistas, concluiremos que o noso sistema escolar segue suspendendo a prioritaria disciplina da recuperación, restauración e normalización da cultura e a lingua do país entre a súa clientela: o alumnado. Pero, ¿cal é o status da lingua no noso Instituto? Nos centros de ensino o profesorado realiza un papel esencial —e insubstituíbel— para alfabetizar os escolares e recuperar socialmente a lingua entre a mocidade. Podemos dicir que, segundo se veu implantando a LOXSE, o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística e os decretos que regulan o seu uso —247/95 e 66/97— por parte dos e das docentes do noso Centro, foi aumentando as



súas porcentaxes ata acadar a totalidade no actual curso académico, se aceptamos como verdadeiras as súas propias declaracións persoais escritas. Pero, como a realidade manda,

distintos sectores do alumnado acudiron coas súas queixas ao Consello Escolar para denunciar que, desmentindo o informe elaborado polo Equipo de Normalización Lingüística (que se baseou nas declaracións asinadas polo profesorado que está obrigado a impartir as súas clases en galego), non todos os docentes cumpren o que asinaron cumprir.

Daquela, está claro que xa non chega coa mera aquiescencia burocrática e legal de que se realiza o traballo docente conforme á lei



no tocante á lingua vehicular: é imprescindible unha práctica real nas aulas, unha acción educativa rigorosa que permita ao noso alumnado unha aprendizaxe e un dominio da lingua galega equiparábel ao da lingua española.

Os datos estatísticos máis recentes seguen a constatar que, malia os 19 anos de vixencia da L.N.L., o número de falantes continúa diminuíndo entre os menores de 26 anos, a xente máis nova. A transmisión xeracional e social da lingua recúa. E todo isto aínda que o aprecio e a valoración social da lingua non fan senón medrar entre a cidadanía do noso país. Pero, non poderemos entender esta realidade se non reparamos na esmagadora e diaria inmersión á que estamos sometidos polos medios informativos e audiovisuais (xornais, revistas, cine, publicidade, radio, televisión, etc.) arte-

llados en español case ao cento por cento. E hai datos obxectivos que espavorecen: só o 0,45% das páxinas dos xornais diarios editados en Galiza están escritos en galego. ¿Para cando abrir as follas de *La Voz de Galicia*, do *Faro de Vigo*, do *Diario de Ferrol*, de *El Progreso* de Lugo, de *La Región* de Ourense, etc.. e poder atopar, cando menos, un 50% das súas páxinas escritas no noso idioma? ¿Para cando?

Recuperar unha lingua como a nosa —seis séculos competindo en condicións históricas, xurídicas, políticas e económicas de franca inferioridade respecto á lingua española— significa recuperar falantes. A promoción, emprego e defensa da nosa lingua supón hoxe unha loita a prol da biodiversidade cultural, do pluralismo lingüístico, da sobrevivencia e non extinción dunha cultura. Eis o noso traballo.

**M. Ríos**, profesor do Departamento de Ciencias Naturais e Coordinador do ENL.

# GLOBALIZACIÓN, ¿AXUDA OU ROUBO?



**U**n pobo único. Iso é o que, ao parecer, se pretende con isto da globalización, pero... ¿seguro que é así, tan bonito e tan igualitario como o pintan? Un mundo senlleiro, sen diferencias, estendendo o progreso a todo cidadán deste mundo. Xa, claro, explícalle ti iso, Ilustrísimo Dono dunha empresa súper multinacional —poñamos o exemplo dun cafeal—, aos traballadores colombianos que están a currar para o teu negocio e os seus consumidores occidentais, deixando as mans, o corpo e pode que ata algunha enfermidade nas túas maxestosas plantacións a cambio dun soldo de... unhas 53 pesetas (pasádeo vós a euros que eu non teño a man unha eurocalculadora desas baratiñas *made in sabe deus onde*). Mentres ti, no teu sofá de coiro de importación (deixa que adiviñe: o coiro ese foi traballado por nen@s tailandeses) fas unha chamadiña para ver se todo está ben ao outro lado da charco. Podes aproveitar a conferencia e contar que non pagaches nin un peso por instalar as túas fábricas (seguramente moi contaminantes), que o transporte é baratíísimo e que tes a impresión de estar a traballar na túa propia casa.... Ah!, mellor non digas moi alto ou non menciones que os teus entregados traballadores son analfabetos, que ninguén dos *Donos do Mundo* está a dedicar o seu diñeiro e moito menos o seu tempo en sacalos da miseria e que cada vez o rico é máis rico e o pobre máis pobre. ¡Anda!, se agora ata parece sinxelo iso da..... xa nin recordo, con todo esta lea que contei, como lle chamaban, xa sei: *globalización*.



**Sara Madrigal**

## 2002 Ano Sarmiento



**A**Xunta aprobou o decreto polo que se declara o 2002 Ano de Frei Martín Sarmiento. Este escritor será homenaxeado no Día das Letras Galegas. Arredor do ano 1750, Frei Martín deu a batalla a prol da lingua galega como lingua de seu, e non dialecto do español nin do portugués. Recollemos unha mínima mostra do seu pensamento a través destas frases sacadas da súa obra. O interese destas citas descansa non só no seu contido, senón polo momento en que se fixeron.

★ *En cada cidade ou vila de Galicia habería de haber algúns que se dedicasen a ensinarlle aos nenos a lingua galega, con extensión e con propiedade. Non facéndolles estudar*

*algo de memoria...*

★ *É desatinado crer que un neno que aínda non saiba a lingua propia, poida aprender outra estranxeira.*

★ *Cando un neno saiba un milleiro de palabras, senón as sabe aplicar ás cousas, ¿para que lle servirá sabelas?*

★ *Ningún que no saiba a lingua galega con bastante extensión, poderá ensinar ben o latín a un neno galego. Inculcaralle o castelán e o latín, pero nin un nin outro idioma comprenderá o neno se, mediante o seu idioma vulgar, non se lle ensinan as cousas co dedo.*

★ *Desterro todo vocabulario alfabético e establezo que todas as regras gramaticais se escriban en galego puro. E no haberá máis vocabulario que o que chaman onomástico ou nomenclátor, no que están os nomes galegos e as cousas deste mundo por clases, con orde e conexión.*

# GLOBALIZACIÓN: ¿PROGRESO OU EXCLUSIÓN?

**A**xente do común comete con frecuencia o erro de pensar que iso que chamamos globalización é cousa de organismos internacionais –Fondo Monetario Internacional, Banco Mundial, Organización Mundial do Comercio, ... – e que, como cidadás e cidadáns de a pé, a nós nin nos vai nin nos vén. Pero, ¿que é a *globalización*?

Este termo non ten unha definición moi clara pero eu arrisco a seguinte: *Etapa do capitalismo na que as economías nacionais se integran de modo progresivo no marco da economía internacional, de modo que a súa evolución dependerá cada vez máis dos mercados internacionais e menos das políticas económicas de cada Goberno.*


En primeiro lugar, as organizacións supranacionais establecen políticas económicas para todo o planeta. Estes organismos non son elixidos democraticamente e funcionan polo tanto sen control democrático ningún.

En segundo lugar, sempre recomentan facer aquilo que beneficia fundamentalmente ás grandes compañías transnacionais; estas grandes empresas convértense en xigantes económicos a costa de ir absorbindo as máis pequenas e así dominar e controlar o mercado entre un número reducido delas. Deste xeito van poder marcar a política económica, é dicir, os prezos, as relacións laborais, o tipo de produción, etc..... sen a penas competencia.

En terceiro lugar, desde o seu poder, e co apoio dos sectores dirixentes dos Estados, establecen acordos que aos gobernos non lles queda máis remedio que aceptar e isto comporta deterioro do nivel de vida dos sectores desprotexidos.

En cuarto lugar, o desenvolvemento imparable das tecnoloxías e da comunicación, xunto coa falta de atrancos por parte dos Estados, facilita ás empresas multinacionais o movemento

instantáneo de enormes cantidades de capital dun lugar a outro, na procura de maiores beneficios, sen que importen os efectos sociais que provocan nos países que abandonan.



Activista do MST, Movimento dos Trabalhadores Rurais sem Terra do Brasil.

En quinto e último lugar, na busca imparable de máximos beneficios desprezan os custos ecolóxicos producidos, e que sufrimos todos, fronte ás ganancias das súas grandes compañías. Temos no mundo unha chea de países abandonados á súa propia sorte, mentres que nos países industrializados se recortan os servizos básicos que todo Estado debe garantir (sanidade, ensino...), sendo progresivamente privatizados en

prexuízo dos sectores máis desfavorecidos.

Esta é unha *globalización* mutilada que implica a medra das desigualdades, *globalización* que destrúe a ecuación

crecemento = benestar. Todos tratan de non perder o tren do progreso tecnolóxico e de acelerar os cambios que favorezan a inserción global para evitar o atraso. Pero se pensamos un pouco os pobres son cada vez máis pobres e aos ricos... ¡sóbranlles os cartos!

Cada vez o Terceiro Mundo e máis Terceiro Mundo, e está ausente da *globalización neutral*. Polo tanto a

(Continúa na páxina 5)



James Petras, un dos analistas norteamericanos máis críticos coa globalización económica.





**L**ogreino. Por fin consigo sentarme, afastada suficientemente do influxo pernicioso da televisión, e concentrarme para escribir algo que espero interese, ou polo menos vos faga pasar un tempo.

Gustaríame pensar que alguén, ademais de min mesma e uns poucos amigos inducidos pola forza, vai ler estas liñas que estou a escribir, pero hai que ser realista, ¡neste País non se le!

Se sacamos os diarios deportivos, que sen dúbida son o papel escrito máis mirado, e as mensaxiñas dos móbiles, ¿que nos queda?

Para exemplificar isto só hai que facer unha pequena visita á biblioteca. Esa grande aula que seguramente pasará desapercibida para case todos excepto para aqueles que fan alí os deberes de última hora, e da que moi de vez en cando sae alguén cun libro; é coma terreo minado.


Despois de catro anos de estar no instituto descubrí que admitir que leo pola miña conta, sen que me obriguem a ler xa non comento o de escribir teatro ou poesía, é algo que se está achegando perigosamente ao tabú.

Entras na biblioteca coma unha persoa aínda normal, colles un libro, saúdas trivialmente ao bibliotecario, cobres a fichiña e saes. Pero unha vez fóra as cousas xa cambiaron. Alguén pregúntache:

—Que, ¿é para clase?

E ti, inocentemente contestas:

—Non, é que non teño nada interesante na casa; onte re-



matei o que estaba a ler e apeteciame...

Rapidamente quedas interrompido por unha cara de asombro, unha face semellante á do *Pithecanthropus erectus* mirando para un rañaceos. Algo insólito, algo extraordinario.

—¡Ahh! —responde bobamente, e aí remata a conversa. Nin el sabe que dicir, nin ti entendes o por qué da súa cara de pasmo.

Todo cambiou xa. Deste xeito conseguiches que a primeira persoa do teu ámbito, aínda que non o diga, estea pensando que es rara.

Non me mal interpretar, entendo que isto resulte estraño, pero...¿cando van cambiar as cousas!? O que de verdade resulta incomprendible é que a es-

tas alturas non se anime á lectura. Tratan aos nenos coma se non foran capaces de coller un libro e dixerilo. Non falo de obrigar a un rapaz de doce anos con *A divina comedia*, pero o gusto pola lectura só se colle lendo.

Ao meu pesar, logo de pensar na base do problema, vou ter que dar a razón a

aqueles que din que o nivel dos estudantes do novo plan está polo chan, pois se eses ministros simpáticos, que teñen vea de experimentadores con cobaias humanas, pretenden que saibamos por ciencia infusa, coido que deberían cambiar o chip, deixarse de educación light e comezar a tomarse en serio o futuro do noso País. Un plan serio feito por xente que saiba como facelo, investimentos suficientes para non ter que se queixar por falta de folios e unha lei que permita estudar a aquel que tal queira. En definitiva, unha educación boa e para todos.

**Elena Saura Ramos**



(Vén da páxina 4)

*globalización* ocasiona maior grao de explotación e aumento das desigualdades entre os países imperialistas e os países dependentes e subordinados. Non nos podemos opoñer á *globalización* por capricho senón

porque defendemos o principio de soberanía, o dereito a manifestar a diferenza, o dereito a definir un camiño propio de desenvolvemento e cambio social, por iso é bo realizar unha crítica radical.

**Elena Delgado Vigo**

**i** Estamos en verdade asistindo ao feito de como se está a fraguar o mundo que no futuro poderá vivir noutros planetas coma Marte? Porque se é deste xeito, apaga e ímonos ¡pero xa!, sen pensalo nin un segundo máis.

Se analizamos a situación actual do noso planeta observaremos que son moitos os países con conflitos bélicos, guerra ou terrorismo. Á xuventude gústalle a esmorga, como sempre foi, pero algúns aproveitan para esnaquizar o mobiliario das rúas, outros están dispostos a amargarlle a vida a calquera persoa facendo pintadas insultantes no seu lugar de traballo, e incluso, a última moda, queimando o seu medio de transporte; ¡que gracia! E o peor de todo isto é que só uns poucos o ven, mentres a maioría da sociedade parece máis preocupada por botar como sexa aos pobres inmigrantes que veñen aquí buscando unha oportunidade para poder vivir, como o fixeron os nosos antepasados, cousa que non debería asustar a ninguén, pero...



Tamén andan por aí soltos, e o que é aínda máis absurdo, gobernando superpotencias mundiais, persoeiros coma o señorío Bush, que di babecadas coma que: “*As importacións veñen cada vez máis do estranxeiro*”. Esperemos que coa nova lei da reválida (a este ritmo acabaremos na prehistoria) o alumnado non se deixe enganar polo mito das penas de morte que tanto de-

fende (el si que non me vai dar pena cando marche para o outro barrio...). Triste e lamentablemente tamén dá risa que un home coma Berlusconi, con eses aires de mafia fina que se trae, estea á fronte dun país histórico coma é Italia.

¿Servía para algo a antiga reválida franquista? Pois os que hoxe en día aparecen gobernando Galiza, España e agora tamén a Unión Europea, terían que ver como nos diriximos cara a unha 3ª Guerra Mundial á que os Estados Unidos nos arrastra, con Bush e compañía no poder, a unha velocidade vertixinosa.

Porque poderían unirse todos os países musulmáns contra o resto do mundo, e, por se alguén non se da de conta, Iraq é un país musulmán, idéntico a Afganistán e calcadiño do, aínda non nacido, Estado Palestino. A Guerra Santa non é unha broma, ou se non que llo pregunten aos Reis Católicos, eses que foron “*amigos íntimos*” tanto dos musulmáns coma das distintas linguas peninsulares, e que tiñan unha especial predilección polo galego como xa saberedes...

E a propósito de linguas, tamén temos que dar grazas, ao goberno da gaiivota, por levar a nosa lingua ata un dos niveis máis baixos de fala de toda a súa historia, pois seica xa está o galego en perigo de extinción, cousa que non lle pasa ao catalán que cada vez vai a máis, e é que de vez en cando os nacionalismos serven para algo. Quizais porque os cataláns fan caso á súa lei e falan a súa lingua materna onde sexa: nas administracións públicas, na rúa, na casa, ... en toda parte.

**Breogán Rioboo**



(Vén da páxina 7)

pedras contra os tanques que ocuparon a súa aldea, ou un pistoleiro que mata polas costas e logo fuxe cun home suicida que sacrifica a súa vida loitando pola liberdade do seu pobo e ataca un posto militar israelí, non pode achar camiños para negociar a paz porque non lle interesa saber os motivos desta guerra. A súa única escusa pode ser a busca nos grandes países de apoios contra o problema do terrorismo etarra, e para facerse oír acepta e aplaude todas as decisións das grandes potencias, por brutais ou estúpidas que sexan. Alguén pensa que se pode recorrer á O.N.U., algo imposible, pois ata agora Israel segue a ter moita influencia polo apoio que lle prestan os americanos, e non hai maneira de facer que cumpra as resolucións dictadas pola propia O.N.U.. Por poñer un exemplo, se se aplicaran as normas internacionais, caeríalle tal embargo a Israel que a Sharon non lle chegaría

o diñeiro nin para comprar esa bala que tanto necesita para poñer fin á súa homicida e patética vida.

A situación, que cambia a cada día que pasa, é esta: o exército de Israel conquistou a maioría de cidades Palestinas e ten a Arafat asediado. A penas hai imaxes posto que aplican a máis estricte censura de guerra. En Palestina reina o xenocidio e o seu pobo está en perigo de desaparecer. Unha última reflexión: ¿que diferenza hai entre os atentados e sabotaxes que contra a ocupación israelí realizan os palestinos e os que practicaban os franceses contra a ocupación nazi do seu país durante a 2ª Guerra Mundial?, pois que os segundos foron recoñecidos como heroes antifascistas e os primeiros son inxustamente tratados como exemplo do fundamentalismo islámico.

**Severino Portela Trastoy**

# PALESTINA RESISTE A OCUPACIÓN



Lévase falando un tempo da crise en Oriente Medio. Pero para poder pronunciarse con coñecemento de causa convén recordar a recente historia desta rexión.

A principios do pasado século XX os xudeus non tiñan estado de seu. Entón, algúns intelectuais xudeus comezaron a defender a idea de fundar un estado hebreo na daquela colonia británica de Palestina, rexión que moitos séculos atrás lles pertencera pero que tiveron que abandonar. Esta idea da fundación do estado de Israel recibe o nome de *sionismo*. Pero, ¡ai amiguiños!, esa terra xa fora ocupada por outra xente, musulmáns denominados palestinos. Mentres isto se discutía, as tropas alemanas de Hitler, no marco da 2ª Guerra Mundial, perpetraron o chamado holocausto, que supuxo o exterminio de millóns de hebreos e outros cidadáns do mundo nos coñecidos campos de concentración nazi. As potencias aliadas, logo de derrotar ao exército alemán, solidarizáronse cos xudeus e déronlles a metade da recentemente independizada Palestina para que puideran formar o novo estado de Israel. A partir de aquí foi como se unha lei non escrita pretendara considerar antisemita, é dicir, presunto defensor das ideas nazis, a todos os que se opuxeran aos obxectivos de Israel.

Evidentemente os palestinos, ao ver que lles quitaban polas boas medio país, quedaron coa mesma cara que Lendoiro despois de encaixar unha goleada. Isto desencadeou unha guerra entre a totalidade do mundo árabe e os israelitas. Naturalmente gañaron estes últimos, pois recibían axuda do mundo occidental que, aínda traumatizado, lles seguía a lamber a sola do zapato.

As refregas entre árabes e israelís foron constantes ata que en 1967, cando Exipto cerrou o paso a Israel no canal de

naran a poboación destas cidades, co pretexto de que alí había *terroristas*. Os hebreos cercaron a cidade para que non escapara ninguén.

¿E en resumo que? O estado de Israel, desde a súa fundación, foi sinónimo de tortura, humillación, represión e morte para os palestinos. Un exemplo do desequilibrio das forzas foron aquelas imaxes nas que se vía coma un palestino atacaba cun *kalashnikov* un tanque hebreo e este lle respondeu cun canonazo.

¿E os mediadores?, canela fina. Podemos falar de Arafat, máximo representante dos palestinos, unha persoa bastante demagoga, pois gasta as axudas internacionais en luxos para el e os seus achegados, mentres preme ao mundo sobre a paupérrima situación do seu pobo. E ¿Ariel Sharon?, non ten nada que ver con Disney, máis ben con Hannibal Lecter, pois foi o artífice das masacres de Shabra e Chatila, e, ¡que casualidade!, precisamente cando ía ser xulgado por ese crime, a testemuña principal morre días antes do xuízo nun accidente de tráfico. Ariel Sharon segue ao pé da letra aquilo de *se queres a paz, prepara a guerra*, e non para de vingarse dos guerrilleiros palestinos que loitan pola súa liberdade, reprimindo do xeito máis brutal a todo palestino vivinte. Sharon non cre na paz nin a necesita, e o peor é que está apoiado pola maioría dos seus conciudadáns.

E ¿Estados Unidos?, outro bo peixe. O seu presidente, Bush, coa esa súa mentalidade de *Barrio Sésamo*, está veña a separar os eternamente bos, os israelís, dos malos malotes, os musulmáns. Bush, máis que procurar a paz, está a empeorar todo, e a explicación é doada: os dous grandes partidos americanos reciben enormes subvencións da comunidade xudía, é dicir, en parte Bush gañou as eleccións gracias aos cartos hebreos que sufragaron a súa campaña electoral, pois daquela... está subornado por Israel.

Pode haber alguén que pense que agora os EE.UU están interesados na paz, pero realmente o que quere é apoios árabes para bombardear Iraq ao seu antollo.

Logo temos a nosa querida Unión Europea, que para manter a todos contentos fai de bolboreta, vai de flor en flor, unhas veces da parte dos palestinos e outra da dos israelís. Con todo, a U.E. é a menos mala de todos, pero o que non cadra aquí é a persoa que cumpre agora as funcións presidenciais, ou sexa Aznar, porque se dedica a comparar as accións palestinas coas de ETA. Pois ben, unha persoa que compara un adolescente bébedo que queima caixeiros cun neno que tira



Ienín: unha masacre máis.

Suez, produciuse a famosa *guerra dos seis días* que, coa súa victoria, permitiu a Israel cuadruplicar o seu territorio. Os árabes estiveron a piques de desquitarse na *guerra do Iom Kippur*, pero a insistente axuda de Occidente, e en especial dos U.S.A., evitou a victoria da causa árabe.

¿Pode haber algo que explique o odio árabe aos EE.UU.? Despois disto os israelís quedaron coma donos e xefes, facendo dos palestinos o que lles petaba, por exemplo as matanzas de Shabra e Chatila, onde seguindo a consigna de ti asasina que o sangue o limpamos nós, os israelís enviaron aos seus aliados, os falanxistas libaneses, para que extermi-

(Continúa na páxina 6)

No final do abismo da desesperación. O vacío desintegrado pola dor dos humanos mostra nais pregando ao son da choiva. Voces que fan ecos xordos de melancolía. Ollos que berran, ollos que piden perdón. Alí, unha sombra esta na busca dun nicho de luz nun mundo de agonía é tristeza. A súa voz álzase:

—Perdóame.....

**FLORES NEGRAS**



A triste ventá dunha habitación manchada polo monótono silencio do neno que chaman Xoán. Aquel nacido da noite non podía ver as aves que voaban ao seu arredor de tanto chorar. Mirou cara unhas flores negras, flores mirándolle os tristes pés. Non puido soportar esa destrucción da beleza. Sacou un pequeno coitelo:

—*¿Para que —dixo— seguir aquí, no esquezo, sen mans amigas?*

Cando o corpo petou no frío chan as aves puideron ver como a lúa tremía é íase cara ao mundo da felicidade.

Alborexaba...

**Darío Fernández Fernández**

**SOPAS DE LETRAS**

**Pablo Ortega Blanco**

R	A	M	O	N	R	I	C	O	Q	W	A	R	T
M	G	F	S	A	S	M	V	S	B	M	C	V	U
A	N	G	E	L	E	S	D	O	C	E	R	B	I
N	C	Z	T	U	L	H	G	I	O	M	O	N	O
U	X	V	O	I	I	X	Z	R	N	G	L	E	P
E	B	R	P	S	D	C	B	L	C	B	L	A	Z
L	M	O	I	P	O	L	M	E	H	F	O	S	A
B	N	M	U	U	R	G	H	U	A	D	M	D	I
I	B	A	L	I	N	U	T	G	M	L	R	F	D
L	V	N	W	G	I	E	A	I	E	U	E	G	L
B	D	B	E	F	U	F	G	M	N	R	L	H	E
A	S	R	A	D	Q	B	M	H	D	P	L	L	B
O	R	A	S	R	A	O	E	S	E	T	I	Z	A
Q	T	V	O	T	O	M	L	P	Z	W	U	X	M
L	H	O	T	P	J	X	V	N	S	Z	G	C	R

**Á PROCURA DE 3 PROFESORAS  
E 7 PROFESORES DO CASANOVA**

A	C	O	R	U	Ñ	A	Q	R	C	W	T
R	A	P	O	N	T	E	A	R	E	A	S
D	L	Q	R	B	Z	X	C	V	D	U	I
E	L	O	R	R	E	F	X	B	E	O	R
V	U	O	U	M	N	T	E	N	I	P	I
E	G	H	D	R	B	A	A	M	R	L	X
T	O	U	F	G	E	E	I	N	A	Ñ	O
N	C	G	X	Z	V	N	P	N	Z	H	A
O	G	A	I	T	N	A	S	A	S	O	G
P	X	Ñ	L	V	U	I	O	E	D	F	S

**Á PROCURA DE 11  
CONCELLOS GALEGOS**

**Á PROCURA  
DE 9 TEMAS  
DE ACTUALIDADE**

R	A	C	I	S	M	O	E	R	T	U	I
T	P	I	G	M	L	Q	T	Q	U	L	O
E	N	O	B	N	Ñ	Z	W	E	R	Ñ	P
R	Ñ	O	F	O	H	X	Q	S	E	H	S
R	L	I	L	B	F	C	L	A	L	G	A
O	H	U	O	L	A	O	M	T	O	P	G
R	O	T	U	V	E	V	N	X	P	M	O
I	R	R	D	C	S	T	N	E	Z	B	R
S	A	E	S	X	D	B	O	S	X	V	D
M	P	W	A	Z	F	G	H	B	A	X	C
O	Q	I	M	I	G	R	A	C	I	O	N



# UNHA CEA NA MONCLOA



No palacio da Moncloa estaban, nunha cea de moitísimo ringorrango, unha manda de políticos e as súas maxestosas maxestades os

Reis. Entre eles, sentados cara a cara, non faltaban nin Aznar nin Pujol, acompañados das súas respectivas donas.

Nisto que Ana, a señora de Aznar, dille ao seu home:

*-Jose Mari, porque non colles un destes garfos de perlas, é que me gustan moito.*

*-Pero Ana, muller, ¿como o vou coller?*

*-Por favor.*


*-Ben, de acordo.*

Entón colleu o garfo e gardouno no peto.

Pero Marta, a dona de Pujol, que tal veu, díxolle ao seu home:

*-Jordi, eu tamén quero un trinchante deses, coma o de Ana, ¿porque non o colles?*

*-Collereino logo.*



**Don Jordi**

Pero con tal mala sorte que

a tremedeira parkinsoniana fíxolle bater na copa. Os comensais miraron para el e foille obrigado levantarse e dicir:

*-Brindo polo aniversario do Rei.*


Despois diso deixou o garfo na mesa e, como Marta seguía coa teima, colleuno de novo e volveu petar na copa, e non tivo outra ocorrencia que sentenciar:

*-¡Viva o rei!, ¡viva a raíña!*

Aínda e con todo, a súa dona porfiaba en coller o garfo, e o Jordi outra volta a bater na copa, e desta vez falou así:

*-Señoras, señores, vou argallar un truco de maxia, farei desaparecer o garfo que teño na man. Vexamos, métoo no peto da miña camisa, e.... ¡ale hop!, o garfo vai aparecer na camisa de Jose Mari; a ver Jose Mari ¿podes mirar se tes o garfo no teu peto?*

Jose Mari mirou, e sacou o cuberto. A xente aplaudiu e Jordi apañou o garfo de perlas.



**Don Jose Mari**

**Irma Díaz Taboada  
Pablo Ortega Blanco**

# AGUDO, AGUDO..... CONFUSO, CONFUSO

Atina a escribir correctamente (agudo, agudo.....confuso, confuso) esta **revolta de palabras** no seu pé de imaxe.¡¡Sorte!!

Eis un divertimento para gozar mentres aprendes, ¿aprender o que?, pensarás, pois..... cousas da VIDA.



¿.....?



¿.....?



¿.....?



¿.....?




¿.....?



¿.....?

## encrucillado

Darío Caneiro



### HORIZONTAIS:

- 1/Verá, mirará. 7/Todos están de acordo. 14/Moi inclinadas, costentas. 15/Períodos de sete días. 16/Expresión que se usa para indicar que algo nos sorprende ou desagrada. 17/Abafe, arfe, respire con dificultade. 18/Parecía. 20/Prefixo que significa anterioridade. 22/Sobre. 24/Chaira. 27/Persoa que non cre en Deus. 28/Río afluente do Ulla pola marxe dereita. 29/Pasan a vista sobre un texto. 30/Touro. 31/Inútil, estéril. 32/Significativas, importantes. 36/Cousas que ocorren. 37/Nota musical. 38/Argola. 39/Bebida alcohólica. 40/Punto cardinal oposto ao Norte. 41/Costumes, hábitos. 42/Lugar onde se celebra sacrificio. 43/Tomo en exceso. 44/Conxunción que une palabras, frases ou oracións e ten valor negativo. 47/Coloca. 48/Posuídes. 52/Tira a roupa. 55/Estudia con detalle, examina. 57/Terreos en que hai sementado trigo ou outro cereal. 59/Relacionados co Sol. 60/Afluente do Miño.

### VERTICAIS:

- 1/Que oprime. 2/Pasa a vista sobre un texto. 3/Pía con billa que se utiliza para lavar as mans ou a cara. 4/Terminación de participio feminino. 5/En siglas, Radiotelevisión Italiana. 6/Cocer sen usar auga ou aceite. 7/Utiliza. 8/Ao revés, pasan a vista sobre un texto. 9/Sentir amor por alguén. 10/Ao revés, que non ten ningunha doenza. 11/Inútiles, incompetentes. 12/Contracción do pronome persoal. 13/Pon esteos para soste algo. 19/Flor da roseira. 21/Monarca. 23/Avaro, mesquiño. 24/Berros, rúidos confusos e fortes. 25/Nome de muller. 26/De estatura inferior ao común. 27/Ao revés, cada unha das pezas de roupa que cobren a cama para por o corpo entre elas. 32/Peitos. 33/A muller do fillo en relación aos pais deste. 34/Ama, propietaria. 35/Muller que ten un título nobiliario inferior ao de vizcondesa. 36/Relacionado coa fronte. 37/Instrumento que, cando se fía, serve para envolver o fío que se vai facendo. 38/Desta maneira. 40/Sobrepaso. 41.Certas, algunhas. 45.Acreecentar, xuntar. 46/Pon o pé por riba de algo. 49/Pronome de terceira persoa suxeito. 50/Demostrativo. 51/Que non teñen enfermidade. 53/Ao revés, cabeza de gando. 54/Alimento que se fai cocendo no forno unha masa preparada con fariña, auga, sal e lévedo. 56/Lazo que ao tirar se aperta máis. 58/Nese lugar.

(Vén da páxina 12)

damental.

-¿Cre que a globalización da economía é beneficiosa para a nosa sociedade?

-A globalización tería que ter un aspecto positivo, no sentido de tamén globalizar políticas sociais e o estado do benestar, para eliminar os grandes cancros do mundo, que, sen dúbida, se centran en temas de pobreza e discriminación por razóns de raza ou de sexo. Se a globalización avanza nese sentido sería positivo, pero hai indicios de que o camiño non vai precisamente nesa dirección.



-¿Cal é o seu posto no Padroado do Museo do Humor? Fálenos un pouco del.

O Museo do Humor conta cunha organización, a denominada *Asociación de Amigos do Museo do Humor*, que actúa como plataforma cidadán de apoio ao propio museo e como catalizador daquelas iniciativas que o propio Museo, como ente xurídico, non poida tratar por si só. Eu son membro da xunta directiva e, en concreto, fago as funcións de secretario.

-Falemos agora un pouco de Radio Fene, ¿que tipo de programas pon en antena?

-Neste momento facemos unha programación de vinte e catro horas diarias. O espazo radiofónico témolo dividido en dous apartados, o que son programas de produción propia, que abarcan desde as nove da mañá ata as tres e media da tarde, de luns a sábados, que teñen as características dunha radio das denominadas

xeneralistas, é dicir, cunha programación enfocada para todo tipo de poboación e de todas as idades.

Logo, de tres e media da tarde a nove da mañá do día seguinte, de luns a sábado, o que facemos é unha selección musical, emitindo unicamente música de raíz, música galega, música portuguesa, música brasileira, música tradicional, pois cremos que ten unha acollida crecente entre a poboación e que, pola contra, ten unha escasa presenza nas outras emisoras.

-¿Que sección lle gusta máis?

-Para min, resulta interesante traballar os programas informativos, aínda que, tamén ten o seu aquel a realización de entrevistas, ou afrontar un programa tipo *magazine*, e a música, desde logo, que ten un atractivo innegábel.

-¿Que din as estatísticas sobre a porcentaxe de programas radiofónicos que se emiten en galego?

-A presenza da lingua galega é practicamente residual na totalidade das emisoras que se poden sintonizar no dial, salvo as públicas, e en concreto as municipais como é o caso da Radio Fene, que emite unha programación integramente en lingua galega. Salvando algunhas excepcións, no dial radiofónico, a presenza da lingua aínda é demasiado escasa.

-Radio e muller, ¿que situación temos hoxe?

No mundo da radio, nos últimos anos, tense producido, igual que noutros sectores económicos e noutras moitas actividades, unha incorporación crecente da muller á vida profesional. Penso que na Facultade de Xornalismo arredor dun 80% do alumnado son mulleres, e isto empeza a traducirse tamén no terreo profesional do mundo da radio. Quizais, a materia pendente sexa no nivel dos postos de dirección, onde se nota un déficit de representación das mulleres.

-Para rematar, ¿cales son os seus proxectos como director de Radio Fene?

-De cara ao futuro, incrementar a función de servizo público, que debe de cumprir aínda máis, unha emisora como a nosa. E como obxectivo complementario, a promoción da lingua galega, que foi un dos obxectivos prioritarios cos que naceu Radio Fene en 1984.

**Ariana Ares Dopico  
Andrea Pardo Mesías**

# HENRIQUE SANFIZ, DIRECTOR DE RADIO FENE, FALA PARA PLANETA LINGUA



# H

enrique Sanfiz é director de Radio Fene e, ademais, é membro activo do Padroado do Museo do Humor. Tamén colaborou na edición do libro *O Seixo no pasado*.

Quixemos afondar máis na súa vida profesional e nas súas opinións persoais sobre temas de actualidade e, por iso, decidimos facerlle esta entrevista.

*-Para comezar e coñecer un pouco máis a súa personalidade, ¿como é Henrique?*

-Creo que son unha persoa que intenta realizar o seu traballo coa maior eficiencia posible, e penso que á hora de levar adiante o traballo hai que mesturar unha certa humildade cunha certa modestia.

*-Supoño que estará ao tanto das novas reformas estudiantís en proxecto, ¿que pensa da reválida?*

-En principio, os resultados do sistema educativo tal e como funciona na actualidade en España, se os comparamos con outros países



do noso contorno, poden considerarse, en xeral, máis que aceptábeis, malia ter as súas deficiencias. A pesar diso, está claro que son necesarias reformas para adaptarse aos novos tempos que corren, pero creo que as reformas non deberían ir no sentido que apuntan o proxecto de lei para o ensino secundario ou a xa aprobada lei para a Universidade, senón que serían necesarios máis recursos económicos e humanos para estar á altura das adaptacións que se precisan. Isto si que é importante, e non facer pivotar unha reforma educativa en temas como o da reválida, que é un xeito de introducir a selectividade, cousa que coído prexudicial.

*-¿Que opina do se está a facer nos colexios e institutos a prol do fomento da nosa lingua?*

-Todas as iniciativas que se leven adiante para potenciar o noso idioma, desde a administración ou desde o sistema educativo, son positivas e necesarias para gañar máis galegofalantes e para que a lingua conte co prestixio que lle corresponde entre a xuventude, cousa fun-

*(Continúa na páxina 11)*

ESTEAS ONDE ESTEAS



RADIO  
FENE

ESTEAS ONDE ESTEAS